

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE ESCOLA DA  
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS,  
CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA  
O XOVES DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Xunta de Escola da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:53 horas do xoves día 16 de outubro de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Posicionamento da Escola en relación co *Informe de necesidade e viabilidade académica e social* do Grao en Enxeñaría Civil.

ASISTEN:

**Persoal académico**

Álvarez García, Julia  
Anta Álvarez, José  
Baldomir García, Aitor  
Barrientos Rodríguez, Víctor  
Carro López, Diego  
Couceiro Aguiar, Iván  
Díaz García, Jacobo Manuel  
Dominguez Pérez, Xabier Eduardo  
Eiras López, Javier  
Fe Marqués, Jaime Miguel  
Fontán Pérez, Arturo Norberto  
Fuentes García, Luis  
Galán Díaz, Juan José  
González Fonteboa, María Belén  
Herrador Barrios, Manuel Francisco  
Jurado Albarracín Martinón, José Ángel  
Martínez Abella, Fernando  
Martínez Lage, María Isabel

Montenegro Pérez, Luís  
Navarrina Martínez, Fermín Luis  
Nieto Mouronte, Félix  
Nogueira Garea, Xesús Antón  
Orro Arcay, Alfonso  
París López, José  
Ramírez Palacios, Luis  
Rodríguez Pasandín, Ana María  
Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal, Pablo  
Romera Rodríguez, Luis Esteban  
Taboada Vázquez, Raquel  
Varela García, Francisco Alberto  
Vázquez González, Ana María

**Estudantes**

Arnos Caamaño, Alejandro  
Franco Figueira, Alberto  
García Álvarez, Jaime  
Gómez Pasandín, Carla  
López Alfonso, Héctor  
Rego Sapena, Pablo  
Rodríguez González, Ainhoa  
Seisdedos García, Irene  
Varela Pérez, Carlos Arbren  
Vázquez-Pena Romero, Jaime  
Villaverde Mouriño, Ismael  
Villaverde Rodríguez, Brais

**PTXAS**

Cruz Viqueira, María del Pilar  
Recarey Buño, María José  
Vázquez González, Julia

Código Seguro De Verificación	s+Eh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:46
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:19
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Villar Arévalo, Javier

EXCUSAN:

#### persoal académico

Colominas Ezponda, Ignacio

Delgado Martín, Jorge José

Jácome Burgos, Juan Alfredo

Novales Ordax, Margarita

Pena Mosquera, Luís

Peña González, Enrique

Fernández Ruíz, Jesús

Naves García-Rendueles, Acacia

Sande González-Cela, José

#### PTXAS

Franco Trillo, Alicia

Roel Vilas, María del Pilar

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, secretario académico da Escola.

#### 1) Posicionamento da Escola en relación co Informe de necesidade e viabilidade académica e social do Grao en Enxeñaría Civil.

Toma a palabra Luis Ramírez que explica que na Xunta de Escola que se celebrou o pasado 18 de setembro acordouse, ante a solicitude de información do Secretario Xeral de Universidades (SXU), manter as 100 prazas de acceso e as prácticas externas como materia optativa.

A Dirección transmitiulle este acordo ao vicerreitor de titulacións nunha reunión mantida na Escola o día 22 de setembro e os argumentos expostos na Xunta de Escola.

O Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización respondeu o requirimento e a Secretaría Xeral de Universidades emitiu o Informe de Necesidade e Viabilidade e Social, que foi remitido á Xunta de Escola o pasado 3 de outubro e achegamos novamente como documentación desta reunión. Dito informe é un

paso previo para o inicio do proceso de verificación do novo título. O informe é favorable pero, en relación ao requirimento que se realizara previamente á UDC, indícase:

- Prácticas externas: “se recomenda que por parte de la Comisión Académica correspondiente, se estudie la necesidade de que la materia de Estancia en Prácticas de 4,5 ECTS se transforme en prácticas externas obligatorias, lo que redundará positivamente en la inserción laboral del alumnado”.
- Número de prazas: “Teniendo en cuenta la evolución de plazas cubiertas en relación a las ofertadas durante los últimos años en ambas titulaciones, se observa que la media de plazas cubiertas no sobrepasa el 70%, por lo que se propone aplicar un criterio de prudencia en la presente propuesta, de tal forma que inicialmente, en primer año, la titulación oferte 65/70 plazas y se incremente gradualmente en los años siguientes, según la evolución real de la demanda hasta llegar a 100 (este criterio deberá reflejarse en la propia memoria de verificación)”.

Ao recibir este informe o director púxose en contacto coa Adxunta de Organización Académica, que foi quen llo remitiu, para aclarar as anteriores indicacións. Esta indicou que fora o vicerreitor quen mantivera unha conversa telefónica co SXU para explicarlle a resposta ao requirimento. Engadiu que o seguinte paso debería ser que a Dirección da Escola introducese a memoria de verificación na aplicación web de VERIFICA, tendo en conta o criterio de prudencia que reclama o SXU.

Nunha conversa telefónica posterior entre o director e o vicerreitor, este trasladoulle a conversa que tivera co SXU antes da emisión do informe. Indicando que respecto ás prácticas en empresa podían ser optativas, pero que en referencia ao número de prazas querían aplicar un criterio de prudencia e ofrecer no entorno das 65 prazas. O director recordoulle que no requirimento xa pretendían limitar as prazas a 80, respondendo o vicerreitor que esas prazas son o número máximo de alumnos, incluso que a intención do SXU era ofrecer inicialmente 50 prazas. Tras recordarlle que o novo título é a fusión de dúas titulacións, respondeu que sobre este asunto falou co SXU e admitiu que había un acordo pero que a USC non vai cumprir e que por iso subiu a 65/70 prazas. O director preguntou se outros graos duplicados noutros centros se fusionaran ou pecharan e respondeu que non. En relación coa memoria de verificación, o vicerreitor indicou que o SXU quería que o criterio de prudencia quedara reflexado na información a cumprimentar na aplicación VERIFICA. Ante isto, o director respondeu que a Dirección non ía cambiar a memoria que se aprobou en Xunta de Escola, Consello de Goberno e Consello Social. A resposta do vicerreitor foi explicar que aínda que solicitemos 100 prazas de novo ingreso no período habilitado (mes de marzo), o SXU seguramente só concedería 65. O

Código Seguro De Verificación	s+Eh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:46
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:19
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



director opina que isto sería inaceptable e comunicoulle que convocaría a Xunta de Escola para trasladar a información e analizar os pasos a seguir.

O director continúa explicando que nos últimos días estivo realizando consultas e analizando a evolución dos datos de número de prazas de novo ingreso que se publican todos os cursos nas diferentes titulacións da UDC. Nos últimos cursos, a pesares de que varios centros con demanda o solicitaron, só lle consta que houbo unha lixeira suba (5 prazas) en Enxeñaría de Datos co fin de facer un dobre grao en simultaneidade con Enxeñaría Informática. Como exemplo, menciona Arquitectura Técnica, titulación que historicamente tivo unha entrada por riba de 200 alumnos, pero que por diferentes factores, principalmente a crise na construción, sufriu unha importante redución na demanda, que os levou a poñer en marcha unha nova titulación. Revisando a memoria de verificación deste novo título, aparece reflexado o “criterio de prudencia” para o primeiro curso con 75 prazas e un posterior incremento ata as 100. A realidade é que actualmente Arquitectura Técnica só oferta 50 prazas aínda que enchen folgadoamente dende hai anos, e que solicitan reiteradamente aumentar o número de prazas de novo ingreso, co visto bo da UDC, pero a resposta negativa por parte do SXU. Esta información trasladoulla persoalmente o Director de Arquitectura Técnica nunha reunión a semana pasada ao director.

Continúa o director dicindo que esta mesma mañá lle chamou o vicerreitor para comentarlle que onte tivera un encontro co SXU para tratar outros asuntos, momento que aproveitou para tratar este tema. Ao SXU pareceulle ben non modificar a memoria verificada, pero trasladou que sexamos conscientes do indicado no informe relativo ao criterio de prudencia.

Coa información de que dispón, o director explica que a súa opinión é que debemos solicitar garantías na implementación do novo grao. Aceptar 65/70 prazas compromete o futuro da Escola. Este grao é o futuro da Escola e tense que implementar ben. Actualmente hai unha gran demanda dos nosos egresados, practicamente pleno emprego, e a sociedade demándao. Despois de bastantes anos cubrimos prazas, temos 108 novos alumnos de grao e hai solicitantes que se quedaron fóra. A tendencia é claramente ascendente. Os obxectivos da reunión de hoxe son informar sobre este asunto, e que a Xunta de Escola se pronuncie ao respecto. A proposta do director é non avanzar ata ter a seguridade de poder implementar o novo grao sen comprometer o futuro da Escola, e para elo pide o respaldo da Xunta de Escola para demandar garantías de ter 100 prazas de novo ingreso ao Vicerreitor e ao SXU.

O director abre unha quenda de intervencións. Diego Carro pregunta se hai risco de que cree un grao interuniversitario con Lugo. O director contesta que non lle consta.

Brais Villaverde pregunta que quere dicir o director cando propón non avanzar ata ter garantías. O director responde que é preciso saber por escrito cantas prazas teremos no novo grao, xa que fomos o único centro que fusionou os graos.

José Anta expón que conseguir garantías por escrito vai ser complicado e preguntase que pasaría se non se avanzamos no proceso de fusión. Permitirían manter os dous graos?

Diego Carro considera que non avanzar é a única medida de presión que temos. Isabel Martínez indica que non hai garantías de que manteñan os dous grados con 50 alumnos de novo ingreso. Deberían buscarse garantías para as dúas alternativas, manter os dous grados ou implantar o novo.

Jacobo Díaz recorda o incumprimento da USC e considera que hai que manter as reivindicacións da Escola.

Alfonso Orro considera que comezar o novo grao con 65 prazas non é bo, que avanzar na implantación do novo grao é bo, así que hai que presionar con argumentos para que o novo grao teña 100 prazas.

Luis Ramírez aclara que non ten intención de parar o proceso de fusión pero que debemos loitar por un grao de 100 prazas que é o futuro da Escola.

Isabel Martínez pregunta que é o que se propón? Que se vai ofertar no curso 26/27?

Luis Ramírez resposta que a intención é implantar ben o novo grao, se é necesario retrasando o proceso un ano.

Isabel Martínez expresa que no curso 26/27 debería implantarse o novo grao.

Aitor Baldomir recorda como se iniciou o proceso de fusión cunha visita do reitor á Escola, e dado que a demanda é moi diferente á de entón, que non debemos avanzar para cumprir esixencias que outros centros non teñen intención de cumprir.

Alberto Varela explica que se a pretensión é ter o apoio da Xunta de Escola para presionar á Xunta que está de acordo, pero non parar ou retrasar o novo grao.


José Anta concorda en presionar para acadar as 100 prazas e considera que a fusión é necesaria para ser iguais que o resto de Escolas de España.

Alberto Varela propón como argumento para defender a necesidade de 100 prazas no novo grao, que o ingreso no máster de enxeñaría de camiños tamén se vería afectado negativamente, poñéndoo en risco.

Jaime Vázquez-Pena pregunta que credibilidade ten a recomendación do SXU, tendo en conta que outras non se cumpriron.

Luis Ramírez considera que son necesarias garantías e que temos o respaldo do vicerreitor respecto ás 100 prazas.

Diego Carro insiste que a única medida que depende da Escola é non cumprimentar a documentación ata ter unha resposta positiva. Pon como

<b>Código Seguro De Verificación</b>	s+Eh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:46	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:19	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/4	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

exemplo a consecución das 10 horas por ECTS no mandato de Manolo Casteleiro, que se negara a cubrir a PDA.

Xesús Nogueira apoia a medida de presión.

Fernando Martínez indica que é necesario presionar para non reducir o alumnado. Expón que nos próximos anos haberá un cambio xeracional no PDI e non se está a producir a necesaria renovación. Pregúntase por que non ofertar prazas habendo demanda.

Alejandro Arnoso considera que só debería haber un grao, que é necesario ter 100 prazas porque hai demanda e que parece que a intención é transferir alumnos a Lugo.

Luis Ramírez di que se a negociación provoca un ano de retraso na implantación do novo grao será un mal menor. Debe terse en conta que Lugo pechou prazas despois que A Coruña.

Fermín Navarrina expón que non está claro o que busca nin o SXU nin a UDC. Recorda que o único aviso de peche viu do anterior reitor e que aínda que o SXU estaba preocupado, nunca impuxo nada. Considera que o importante é recadar o apoio da Xunta de Escola para ratificarse no acordado e conseguir que non se reduza o número de estudantes que poden acceder, aínda que a petición de garantías suficientes se pode rebaixar e que non sexa por escrito. Apoia o argumento de non reducir posibilidades de acceso ao máster.

Brais Villaverde concorda en que reducir as prazas pode provocar o peche do máster, poñendo como exemplo o sucedido en Matemáticas na USC.

José Anta considera que hai que trasladar a demanda de 100 prazas, ratificándose nos acordos previos. Expón que hai outras formas de presionar que non sexa só manter o status quo, como pode ser substituír un grao actual polo novo e manter o outro ata lograr as 100 prazas no novo.

Isabel Martínez apoia a demanda de 100 prazas e indica que o SXU en reunión oficial afirmou que pecharía un grao se non se fusionaban.

Non habendo máis peticións de palabra, o director agradece a asistencia dos presentes e levanta a sesión.

A sesión extraordinaria da Xunta de Escola remata ás 13:48 h.

**V.B**

**Luis Ramírez Palacios**  
Director

**Ado.**

**Arturo N. Fontán Pérez**  
Secretario académico

Código Seguro De Verificación	s+Eh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:01:46
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:19
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D">https://sede.udc.gal/services/validation/s%2BEh1tQ2NXNgYpWaTAHq6Q%3D%3D</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

